- *Na xestión do material escavado estarase ao disposto na Orde APM/1007/2017, de 10 de outubro, sobre normas xerais de valorización de materiais naturais escavados para a súa utilización en operacións de recheo e obras distintas a aquelas nas que se xeraron, que resulta de aplicación aos residuos non perigosos consistentes en solos non contaminados escavados e outros materiais naturais escavados procedentes de obras de construción ou demolición, tales como terras, arxilas, limos, areas, gravas ou pedras, incluídas no código LER 17 05 04 (materiais naturais escavados).*
- *Deberá cumprirse o condicionado recollido nos informes de 12 de decembro de 2021 da Subdirección Xeral para a Protección do Mar; de 27 de maio de 2022 da Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña; e de 3 de xullo de 2023 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia.*
- *Estarase ao disposto no artigo 91 da Lei 2/2016, do solo de Galicia. As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas. No presente caso, tratándose dun lugar de paisaxe aberta ou natural, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela. A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados CSV: 07E8001518BF00X4U8E9Y3D1K5 deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe. O acabado e exteriores da nova cámara de bombeo e das tubaxes de captación deberán quedar recubertas con pedra propia da zona coa finalidade de que esas estruturas quedan integradas no medio. Non poderá verse ningún paramento de formigón ou metal. Deberán retirarse da costa os restos en desuso das outras dúas instalacións (casetas de bombeo e canalizacións anteriores) existentes a carón da actualmente proxectada. Asemade deberán xestionarse todos os restos de formigón, RCDs e calquera outro residuo existente na zona de actuación e arredores.*

**SEGUNDO.-** Os niveis de inmisión de ruído, tanto na fase de obra como na de actividade) deberán cumprir os límites previstos na normativa acústica aplicable:

- *Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído*
- *Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.*
- *Real Decreto 1371/2007, de 19 de outubro, polo que se aproba o documento básico DB-HR Protección fronte ao ruído do Código Técnico da Edificación e se modifica o Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.*
- *Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*
- *Ordenanza Municipal Reguladora da Emisión e Recepción de Ruídos e Vibracións (BOP núm. 57, de data 11/03/2005).*

**TERCEIRO.-** En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da



licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**CUARTO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**QUINTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realízase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*



- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**SEXTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederá a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**NOVENO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**DÉCIMO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





**8.- LICENZA MUNICIPAL PARA REFORMA DE BAIXOCUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE. PROMOTOR: JUAN JOSÉ RIAL TRIÑANES. LUGAR: RÚA REVALEIRAS, Nº 19, PALMEIRA, RIBEIRA**

**VISTA a solicitude** de licenza urbanística de obra maior para licenza de obra maior para **REFORMA DE BAIXOCUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**, no lugar de **RÚA REVALEIRAS, Nº 19, PALMEIRA, RIBEIRA**, da que é promotor **D. JUAN JOSÉ RIAL TRIÑANES**

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de **día 20 de maio de 2024**, así como **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o día **5 de xuño de 2024** en relación á fianza para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en de 187,85 €, o **informe do técnico de administración xeral** de data **7 de xuño de 2024** e o informe do **secretario xeral** da Corporación de data **10 de xuño de 2024**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopte o seguinte **ACORDO**:

**-PRIMEIRO:** - **CONCEDER** a D.uan José Rial Triñares **LICENZA DE OBRAS (Nº 33/24)** para reforma de baixocuberta de vivienda unifamiliar existente e sita na Rúa Revaleiras nº 19, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 3340605NH0134S0001KH, nos termos do Proxecto Básico asinado dixitalmente o día 20 de outubro de 2023 así como da Documentación xustificativa de normativa de día 30 de abril de 2024 redactados por Dna. Mª Carmen Gago Fernández, (arquitecto col. nº 2.498):

*-Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.*

*-Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 187,85 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas beirarrúas ás que da fronte o solar.*

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúd** co preceptivo visado colexial.*

**SEGUNDO.-** En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**TERCEIRO.** - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**CUARTO:-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:



- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

**QUINTO:** - Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de



reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.** - Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.** - Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.** - O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.** - Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## 9.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Víctor Iván Pombo Gómez

**Visto** o escrito presentado por **Víctor Iván Pombo Gómez**, de data 27/08/2024 (Registro de entrada nº 21.230), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A90201456000UY.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 28/08/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

### 1. ANTECEDENTES



Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400021230 o día 27 de agosto de 2024.

## 2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

## 3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

## 4. CONSIDERACIÓNS

### 4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

### 4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A902014560000UY, no seu plano 2.7, de Ordenación básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, a escala E:1/5000, como solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas (SNR-B) e solo rústico de especial protección de espazos naturais (S.R.P.N.-1.1); e no seu plano 8.36-A de Clasificación y Cualificación do solo en núcleos rurais (Casanande – Santa María de Olveira), a escala E:1/2000 coa ordenanza de aplicación núm.6.3.A, para o solo urbano.

Desta forma, nos artigos 124 e 134 da normativa do PXOM establécense as seguintes determinacións, sen prexuízo da aplicación do resto da normativa do PXOM, en especial as normas xerais da edificación do título quinto da dita normativa:

A parcela atópase afectada por dúas clasificacións urbanísticas diferentes, estando unha porción de parcela clasificada polo PXOM de Ribeira, no seu plano 8.36-A de Clasificación y Cualificación do solo en núcleos rurais (Casanande – Santa María de Olveira, a escala E:1/2.000, solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas (SNR-B), e coma solo rústico de especial protección de espazos naturais (S.R.P.N.-1.1), no plano 2.7 de Ordenación Básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, sistema viario, a escala E:1/5.000.

O artigo 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, exige de outorgamento de licenza de segregación cando a división da parcela sexa consecuencia do outorgamento polo planeamento urbanístico de distinta clasificación da parcela de orixe, nos seguintes termos:

“6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

[...] c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.”

Tendo todo isto en consideración, aos efectos do cumprimento das condicións urbanísticas, deberá tratarse a parcela coma dúas parcelas independentes.

As Ordenanzas que regulan as actuacións urbanísticas nesta parcela son:



#### FIRMANTE - FECHA



- **Solo de Núcleo rural en áreas medio consolidadas, SNR-B, artigo 134 do XPOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas las áreas de solo dos núcleos rurais anexas ás zonas consolidadas, que non chegan a definir claramente unha trama de edificacións, pero onde a edificación esta ocupado ata un 50% das parcelas próximas ás aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

**AMBITO**

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

**OBRAS ADMISIBLES**

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración

permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, manterán os cerramentos de pedra existentes, ocós de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

**USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS**

**Uso global:** residencial extensivo.

**Uso característico pormenorizado:** vivenda unifamiliar.

**Usos admisibles:** ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

**TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS**

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e adosada. Manterase o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

**PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN**

**CONDICIÓNS DA PARCELA**

**Parcela mínima:** 500 m<sup>2</sup>. non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie.

**Fronte mínima:** será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas se permitirá a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. ( e se cumpran o resto das condicións de edificación).

**CONDICIÓNS DE OCUPACIÓN**

**Posición:** Conservaranse as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poda derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

En áreas pouco consolidadas aplicarase a normativa viaria.



A edificación situarase na parcela illada entre medianeiras, ou acaroadada a la parcela contigüa se esta deixase unha medianeira consolidada ou previo acordo entre lindantes. En cualquier caso, tratase de ocultar medianeiras, non creando outras novas baixo ningún concepto, respectando nos outros casos un mínimo de 3 metros a lindeiros.

**Ocupación máxima na parcela:** A ocupación máxima será do 35% da parcela total e co límite de 200 m<sup>2</sup>. construídos por planta.

#### CONDICIÓN DE EDIFICABILIDADE.

**Edificabilidade máxima:** 0,50 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

#### ALTURA DE LA EDIFICACIÓN

**Nº plantas:** Baixo + unha planta e aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

**Altura de coroación:** 4 metros por encima da altura máxima.

#### ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

**Peches de parcela:** Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

**Corpos voados:** Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, coma galerías y miradoiros.

As dimensións e características destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir da primeira planta.

**Balcóns:** Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, autorízanse ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

**Construcións auxiliares:** Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 m<sup>2</sup>, e non podendo superar os 50 m<sup>2</sup>.

**Cornisas e aleiros:** O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

#### CONDICIÓN AMBIENTAI E ESTÉTICAS.

Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de peche, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordados cos utilizados non proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a armonía existente ou sexan de natureza estraña ao medio, coma os peches de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.



#### FIRMANTE - FECHA



As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste ultimo caso prohíbense as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outra cor

**“ARTIGO 129: NORMA DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS. S.R.P.N. 1.1 - DEFINIÇÃO DA NORMA ZONAL S.R.P.N. 1.1”**

Esta ordenanza comprende aqueles terreos que polo seu valor ambiental, ecolóxico, biolóxico, botánico, paisaxístico científicos, educativos ou recreativos deben preservarse para a súa protección e mellora.

**1. Ámbito**

A Zona de Servidume de Costas, delimitación específica establecida nos planos correspondentes de ordenación e delimitación proposta na Orde de 7 de xuño de 2001 da Consellería de Medio Ambiente e as illas de Ceboleiros, Carreiro, Rúa, Sálvora, Novo, Herbosa e Vionta.

**OBRAS ADMISIBLES:**

Unicamente se permitirá, a restauración e rehabilitación de aquelas construcións existentes e as de nova planta, de carácter desmontable, que en ambos casos sirvan para garantir a protección e a utilización racional da área a protexer, como son as instalacións de control de acceso á área e os servizos de mantemento da mesma.

**USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS:**

Nas zonas das dunas de Corrubedo serán os que figuran no "Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán".

No resto de espazos protexidos por esta norma non se autorizará a construción de ningunha clase de edificación, permitíndose a explotación racional dos recursos vinculados ao medio que non atenten contra os valores esenciais que se protexen.

Expresamente se prohiben as seguintes actuacións:

- Cortes do arborado existente.
- Destrución de elementos naturais, xeolóxicos, acuíferos, vexetais, ou elementos que supoñan unha variación do equilibrio natural do ecosistema.
- Modificación de canles ou torrenteiras.
- Vertido de residuos sólidos ou líquidos.
- O valado ou peche de fincas que supuseran inconvinte para o normal desenvolvemento de especies animais autóctonas, permitíndose unicamente aqueles peches realizados cas técnicas e materiais tradicionais (cachotería en seco) e previo estudio e xustificación da súa adecuación.
- A apertura de novos camiños. A mellora dos existentes farase exclusivamente con materiais pétreos en seco. Resolveranse as áreas de aparcamento para visitantes que eviten a invasión das zonas protexidas

**TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS:**

Soamente se autorizarán aquelas construcións de carácter temporal e desmontable ou módulos prefabricados que garantan a non alteración do medio.

No solo rústico, segundo a Disposición transitoria primeira, punto 2 apartado d), da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, ao solo rústico non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico.

A Lei do solo, no seu apartado 35 “Usos e actividades en solo rústico”, indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.



**FIRMANTE - FECHA**



- b) Muros de contención, así como valado de predios.
  - c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
  - d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
  - e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
  - f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
  - g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
  - h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
  - i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
  - j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
  - k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
  - l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
  - m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
  - n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
  - o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
  - p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
  - q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
  - r) Outros usos análogos que se determinen regramentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.
- Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

Na disposición transitoria terceira. Réxime de autorizacións e licenzas outorgadas en solo rústico.

1. As construcións executadas en solo rústico ao amparo da licenza urbanística poderán manter o uso autorizado e cambialo a calquera dos previstos no artigo 40. Se poderán executar nelas, previa licenza municipal e sen necesidade de autorización urbanística autonómica, obras de mellora e reforma das instalacións sen incrementar a superficie edificada legalmente, aínda cando non cumpran as condicións de implantación, uso e edificación establecidas por esta lei.

2. Así mesmo, nas construcións previstas no número anterior, previa licenza municipal e sen necesidade de autorización urbanística autonómica, poderán executarse obras de ampliación da superficie edificada lícitamente, cumprindo os seguintes requisitos:

- a) Cando se trate de terreos que deban ser incluídos no solo rústico de especial protección segundo esta lei, será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano ca competencia sectorial correspondente.
- b) Que cumpra as condicións de edificación establecidas polo artigo 39 e polo planeamento urbanístico.





- c) Que se adopten as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia sobre o territorio e a mellor protección da paisaxe.
- d) Que se manteñan o uso e a actividade autorizados orixinariamente, permitíndose, en todo caso, o cambio de uso a calquera dos regulados no artigo 40.
3. O previsto nesta disposición se entenderá sen prexuízo das previsións establecidas nas normativas sectoriais que resulten de aplicación.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
- a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
- b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
- c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
- d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
- e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
- a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
- b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e disfrute do dominio público marítimo-terrestre.
- c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
- d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
- e. Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
- f. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.



g. Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arbolado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

#### 4.3. Autorizacións ou informes sectoriais

A parcela sitúase está afectada por estar dentro da Red Natura 2000 ZEC, polo que deberá solicitarse autorización do Organismo competente na materia, da Xunta de Galicia, aos efectos de poder levar a cabo calquera actuación urbanística do solo.

### 10.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Juan Domingo Enríquez Martínez

**Visto** o escrito presentado por **Juan Domingo Enríquez Martínez**, de data 27/08/2024 (Rexistro de entrada nº 21.233), no que solicita información urbanística en relación ás parcelas con referencias catastrais 15074A052012410000KQ e 15074A052012400000KG.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 28/08/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

#### 1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400021233 o día 27 de agosto de 2024.

#### 2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela e a posibilidade de edificar unha construción auxiliar dedicada a garaxe.

#### 3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

#### 4. CONSIDERACIÓNS

##### 4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

##### 4.2. Normativa urbanística


O PXOM de Ribeira clasifica as parcelas con referencia catastrais 15074A052012410000KQ e 15074A052012400000KG, no seu plano 7.2 de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Corrubedo), a escala E:1/2.000, dentro do Polígono P-39, sen desenvolver.



#### FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 13/09/2024  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/09/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/09/2024 13:23:07





As condicións deste polígono describíense no artigo 166 do PXOM, do seguinte modo

**LOCALIZACIÓN**

Corrubedo  
Plano de Ordenación nº 7.2. E: 1/2000

- 2.- **SUPERFICIE TOTAL:** 6.400 m<sup>2</sup>
- 3.- **APROVEITAMENTOS LUCRATIVOS:** 2.880 m<sup>2</sup>
- 4.- **SUPERFICIE CESIÓN (Sistema Local)**
  - Rede Viaria: 900 m<sup>2</sup>
  - Equipamentos: 1.000 m<sup>2</sup>
  - TOTAL 1.900 m<sup>2</sup>
- 5.- **CLASE DE SOLO:** Urbano non Consolidado
- 6.- **INCLÚIDO NA ÁREA DE REPARTO Nº:** ARP - P39
- 7.- **OBXECTIVOS**  
Apertura dun vial que enlace a rúa Cantón ca rúa atalaya e outro da rúa Prado ca Rúa a Fonte, e obtención de espazos para equipamentos comunitarios dotacionais.
- 8.- **CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN**
  - Altura máxima: B + 1
  - Aliñacións: -
  - Usos: Residencial unifamiliar
  - Ordenanza: Nº 6
- 9.- **DESENVOLVEMENTO E XESTIÓN**



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241388009
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 13/09/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/09/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/09/2024 13:23:07		Fecha: 13/09/2024 Hora: 13:22



O desenvolvemento deste polígono realizarase mediante Estudio de Detalle e a súa xestión mediante compensación.

10.- OBSERVACIÓNS

A limitación para uso residencial será a establecida no artigo 11.1.b da Lei do Solo de Galicia.

5. CONCLUSIÓNS

Dado que o Polígono no que se encontran as parcelas non está desenvolvido, e que ademais, estas parcelas están afectadas por un vial proxectado, non sería posible edificar nelas, a salvo de outra consideración ao respecto.

11.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Francisco Antonio Muñiz Vilar

**Visto** o escrito presentado por **Francisco Antonio Muñiz Vilar**, de data 13/08/2024 (Registro de entrada nº 20.476), no que solicita certificación urbanística en relación edificación con refª catastral nº 0212901NH0101S0047JP e sita na Rúa Cubeliño nº 29, 1º-A, Ribeira.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/08/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0212901NH0101S0047JP e sita na Rúa Cubeliño nº 29, 1º-A, Ribeira.

12.- LICENZA DE SEGREGACIÓN-AGRUPACIÓN DE FINCAS. PROMOTOR: JOSÉ ANTONIO PÉREZ RODRIGUEZ. LUGAR: DEÁN PEQUEÑO, Nº 62-64, RIBEIRA

**VISTOS** os escritos presentados por **D. Jose Antonio Pérez Rodríguez**, (DNI 33.206.955-S), rexistrado de entrada o día **7 de xuño de 2024**, (Registro de entrada nº 14.534), mediante o que solicita licenza de segregación e posterior agrupación de fincas con refª catastrais nº 0428130NH0102N - 0428131NH0102N0000RU respectivamente e sitas no lugar de Deán Pequeno nº 62 e nº 64, Ribeira, achegando Proxecto de segregación de parcelas redactado por D. Domingo J. Vidal Álvarez Álvarez (enxeñeiro técnico e arquitecto técnico col. nº 1.470) así como Proforma de Escritura de Segregación e posterior Agrupación de Fincas así como Escritura de aceptación e partición de herencia autorizada polo notario D. Victor José Peón Rama baixo o nº 402 de orden.

**VISTO** o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **4 de xullo de 2024**.

**VISTA** a **acta e plano de cesión** asinado pola enxeñeira municipal o día **10 de xullo de 2024** en relación á superficie de **7,00 m<sup>2</sup>** de cesión a dominio e uso público en total dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento.



**VISTO** o **contrato de cesión** asinado por **D. José Antonio Pérez Rodríguez**, (DNI 33.206.955-S) o día **23 de xullo de 2024** polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **7,00 m<sup>2</sup>** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

**VISTO** o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **29 de xullo de 2024**

**VISTO** o **informe xurídico** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **30 de xullo de 2024**

**ACREDITADO** que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA. E SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA.**

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

**-PRIMEIRO:- CONCEDER** a D.. Jose Antonio Pérez Rodríguez. a **LICENZA DE SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN DE FINCAS (Nº 10/24)** con refª catastrais nº 0428130NH0102N - 0428131NH0102N0000RU respectivamente e sitas no lugar de Deán Pequeno nº 64 e nº 62, Ribeira, nos termos do Proxecto de segregación de parcelas redactado por D. Domingo J. Vidal Álvarez Álvarez (enxeñeiro técnico e arquitecto técnico col. nº 1.470) así como Proforma de Escritura de Segregación e posterior Agrupación de Fincas, presentadas o día 7 de xuño de 2024, (Rexistro de entrada nº 14.534):

**-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Segundo **contrato de cesión** asinado por D. José Antonio Pérez Rodríguez, o día **23 de xullo de 2024** polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Riveira a superficie de terreo de **7,00 m<sup>2</sup>** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

**SEGUNDO:** En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

**TERCEIRO.-** O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

**CUARTO.-** Asimesmo a licenza concedida:

*-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*



- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

**QUINTO:-** Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

---

### 13.- ACHEGA CONCEDIDA AO PADROADO DA FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL – XV PREMIOS ATLANTE DE GRAVADO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

**Visto a informe/proposta** de xustificación documental e pagamento de subvencións emitido pola Concelleira de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 03/09/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Padroado da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital (XV Premios Atlante de Gravado).

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o gasto e o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Padroado da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital (XV Premios Atlante de Gravado).

---

### 14.- DACIÓN DE CONTA DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DO SNL NO MES DE SETEMBRO 2024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Cruz Rivadulla Márquez, de data 02/09/2024, relativo á programación de actividades do Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de setembro do 2024.

---

### 15.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DE CARPA MUNICIPAL - Ngouda Ndiaye

Visto o escrito presentado por **Ngouda Ndiaye**, de data 02/09/2024 (Registro de entrada nº 21.621), no que solicita a cesión de uso da carpa municipal os días 14 e 15/09/2024, así como 150 cadeiras e mesas.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar cesión de uso da carpa municipal os días 14 e 15/09/2024, así como 150 cadeiras e mesas.



- Dar traslado deste acordo ao Departamento de Cultura.
- Dar traslado deste acordo á Policia Local para o seu coñecemento

---

#### 16.- COMUNICACIÓN DE RENUNCIA DE CONCESIÓN E PRÓRROGA DE OCUPACIÓN DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE E SOLICITUDE DE FORMALIZACIÓN TÍTULO CONCESIONAL POLO CONCELLO DE RIBEIRA - Demarcación de Costas de Galicia

**Visto** o escrito remitido pola **Demarcación de Costa de Galicia** (A Coruña), rexistrado de entrada en data 03/09/2024 co nº 21.885, relativo á renuncia da concesión outorgada por O.M de 14/11/2002, e prórroga segundo O.M. de 24/02/2017, a Conservas Cerqueira, S.A. para ocupación duns 1.198 m<sup>2</sup> de bens de dominio público marítimo terrestre con destino a fábrica de conservas no lugar de Banda do Río, término municipal de Ribeira (A Coruña).

**Visto** que este Concello manifestou o seu interese no mantemento de ditas instalacións, garantindo e preservando a súa arquitectura singular, mediante escrito de data 04/06/2024.

**Visto** que a Demarcación de Costas de Galicia solicita que se concrete e formalice o interese manifestado mediante una solicitude formal de título concesional para a ocupación dos 1.198 m<sup>2</sup> de bens de dominio público marítimo terrestre polas instalacións do asunto, debendo especificar o uso previsto por este Concello das instalacións existentes.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Manifestar o interese deste Concello no mantemento de ditas instalacións, garantindo e preservando a súa arquitectura singular, e que se proceda á súa formalización mediante una solicitude formal de título concesional para a ocupación dos 1.198 m<sup>2</sup> de bens de dominio público marítimo terrestre polas instalacións do asunto.
- Dar traslado deste acordo á Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, para inicie o correspondente expediente de solicitude formal de título concesional para a ocupación dos 1.198 m<sup>2</sup> de bens de dominio público marítimo terrestre polas instalacións situadas no lugar de Banda do Río, término municipal de Ribeira (A Coruña).

---

#### 17.- CORRECCIÓN DA PROPOSTA DE PREZOS PÚBLICOS - MOSTRA DE TEATRO 2024

**Vista** a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 05/09/2024, relativa á corrección da proposta de presos públicos da Mostra de Teatro de Ribeira 2024, e na que expón:

*“Na data de 8 de agosto de 2024 a Xunta de Goberno Local de Ribeira, en sesión ordinaria, adoptou o acordo de:*

- ✓ *Autorizar a celebración do Programa Mostra de Teatro 2024.*
- ✓ *Aprobar o prezo público para cada representación teatral e o bono para a totalidade da mostra.*
- ✓ *Aprobar a normativa de adquisición das entradas así como para a posta en marcha da billeteira electrónica con Ataquilla de Abanca.*



A exposición da proposta presentada pola área municipal á Xunta de Goberno Local sofre unha modificación, por un lado no calendario da programación e outra normativa de adquisición e recargo de impostos do prezo público (IVE) para cada representación teatral e para o bono para a totalidade da mostra.

A) No apartado da programación supón:

O calendario inicial das actuacións obxecto desta programación vai do 27 de setembro ao 13 de decembro, ambos os dous incluídos. Durante este período terán lugar nas instalacións do Novo Auditorio Municipal a representación de doce espectáculos para o que foi establecido tanto a normativa de adquisición de entradas, bonos e prezo público.

Actualmente e con motivo da programación VII Mostra Internacional de Cinema Documental Mares da Fin do Mundo prevista do 30 de outubro ao 3 de novembro de 2024 xurde a necesidade de facer unha pequena modificación no calendario da mostra de teatro.

Deste xeito e previo acordo coa compañía de teatro e posto en coñecemento da Deputación Provincial da Coruña por ser unha actividade pertencente á Rede Cultural 2024, a representación da obra "D.E.P." de Malasombra muda para o 20 de novembro, mantendo a Mostra de Teatro o mesmo número de espectáculos e por tanto o prezo público establecido para o bono así como entrada individual.

Esta nova data da lugar á modificación do prazo para a venda de entrada individual, establecida do 9 de setembro ata o 13 de decembro, precisando sexa ampliada ata o 20 de decembro (ou ata esgotarse para cada función).

B) No apartado da normativa de adquisición e do prezo público,

Para o cálculo do prezo público para a entrada individual e bono foron tidos en conta os cachés dos grupos e compañías, así como os custos derivados da posta en marcha desta programación: cartelería, asistencia técnica, carga e descarga que non sofren modificacións.

Do resultado do importe total do custo e número máximo de entradas/función estableceuse o prezo de 4,95€ e 35,00€ para entrada individual e bono respectivamente, cantidades co IVE engadido, máis a comisión que aboará o comprador directamente á entidade bancaria 0,50€ e 3,50€ para cada modalidade.

Recibido indicacións dos servizos económicos municipais que de conformidade co artigo 20.1 da Lei 37/1992 de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor engadido, procede que

"Estarán exentas deste imposto as seguintes operacións:

(..) 4.º As prestacións de servizos que a continuación se relacionan efectuadas por entidades de Dereito público ou por entidades ou establecementos culturais privados de carácter social: c) As representacións teatrais, musicais, coreográficas, audiovisuais e cinematográficas.

Por conseguinte, o cálculo realizado na relación de ingresos resulta

Nº funcións da Mostra de Teatro 2024	Nº máximo entradas/función	Prezo público /entrada (sen iva e sen comisión bancaria)	Ingreso máximo por venda de entradas
12	85	4,95 €	5.049,00 €
	Nº máximo bonos para toda a mostra		
	380	35,00 €	13.300,00 €
		<b>INGRESO MÁXIMO</b>	<b>18.349,00 €</b>

Á vista do resultado mantemos os mesmos argumentos expostos na proposta inicial.





En consecuencia tendo en conta estos apartados, SOLICÍTASE á Xunta de Goberno Local acordo de modificación no prazo e corrección do prezo público seguintes:

**A) Establecer o prazo para a venda dos bonos e entradas, como segue**

1. Manter o prazo de venda de bonos do 9 de setembro ata o 11 de outubro de 2024 (ou ata esgotarse).
2. Ampliar o prazo de venda de entrada individual do 9 de setembro ata o 20 de decembro de 2024 (ou ata esgotarse para cada función).

**B) Establecer o prezo público, como segue**

1. Entrada individual para cada espectáculo 4,95 € (exento iva) + 0,50 € de gastos de xestión de ABANCA.
2. Bono Mostra para 12 espectáculos 35,00€ (exento iva) + 3,50 € de gastos de xestión de ABANCA."

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda a modificación no prazo e corrección do prezo público seguintes:**

**A) Establecer o prazo para a venda dos bonos e entradas, como segue**

1. Manter o prazo de venda de bonos do 9 de setembro ata o 11 de outubro de 2024 (ou ata esgotarse).
2. Ampliar o prazo de venda de entrada individual do 9 de setembro ata o 20 de decembro de 2024 (ou ata esgotarse para cada función).

**B) Establecer o prezo público, como segue**

1. Entrada individual para cada espectáculo 4,95 € (exento iva) + 0,50 € de gastos de xestión de ABANCA.
2. Bono Mostra para 12 espectáculos 35,00€ (exento iva) + 3,50 € de gastos de xestión de ABANCA."

---

**18.- DACIÓN DE CONTA DE AUTO DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do auto nº 95/2024, de data 24/06/2024, remitido polo Xulgado Contencioso/Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela (Rexistro de entrada nº 16.567, de data 27/06/2024), polo que se declara rematado o procedemento abreviado 255/2024 por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da parte recurrente, e o Arquivo das actuacións.

---

**19.- DACIÓN DE CONTA DE AUTO DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do auto nº 88/2024, de data 31/07/2024, remitido polo Xulgado do Social nº 4 de Santiago de Compostela, polo que se desestima a demanda de medida cautelar interposta por Alberto Maneiro Triñanes (PMC 362/2024 0001)



**20.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (CLANDESTINO)**

**VISTO** o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento “Bar Clandestino” (Ribeira), de data 02/09/2024 (Rexistro de entrada nº 21.687), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), o día 07/09/2024, en horario de 20:00 h. a 24:00 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización a Fernando Varela Rodríguez, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), o día 07/09/2024, en horario de 20:00 h. a 24:00 h.

**SEGUNDO.-** Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Clandestino” (Ribeira) (Fernando Varela Rodríguez), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo*



amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

**CUARTO.-** Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

## 21.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Manuela Pérez Pouso (PEDRA PATEIRA)

**VISTO** o escrito presentado por **Manuela Pérez Pouso**, en representación do establecemento “Pedra Pateira” (Ribeira), de data 03/09/2024 (Rexistro de entrada nº 22.021), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 07/09/2024, en horario de 21:30 h. a 23:30 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización a **Manuela Pérez Pouso**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 07/09/2024, en horario de 20:00 h. a 24:00 h.

**SEGUNDO.-** Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Pedra Pateira” (Ribeira) (**Manuela Pérez Pouso**), deberá



estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

**CUARTO.-** Notificar asimismo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimismo as actividades autorizadas:



- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

## 22.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Peón González (LIVERPOOL)

**VISTO** o escrito presentado por **Fernando Peón González**, en representación do establecemento “Liverpool Music Club” (Ribeira), de data 29/08/2024 (Rexistro de entrada nº 22.021), no que solicita permiso para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), os días 05, 06, 11, 13, 18, 19, 20, 25, 26 e 27/09/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización a Fernando Peón González, para evento musical no establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), os días 06, 11, 13, 18, 19, 20, 25, 26 e 27/09/2024, en horario máximo **ata as 24:00 h.**

**SEGUNDO.-** Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Liverpool Music Club” (Ribeira) (**Fernando Peón González**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*



- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

**CUARTO.-** Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais,



procederese a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

---

### 23.- DACIÓN DE CONTA DE RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XUDICIAL - Agro do Forno, S.L.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito presentado por Damián Rodríguez González, en representación da entidade mercantil **Agro do Forno, S.L.**, de data 12/08/2024 (Rexistrado de entrada en data 13/08/2024 co nº 20.414), como reclamación previa á vía xudicial, debido aos prexuízos causados pola actividade desenvolvida pola entidade mercantil Puntos Bajo Coste, S.L., aos efectos de invocar una reaparación integral baixo o réxime de responsabilidade patrimonial establecido.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se dé traslado da reclamación realizada por Agro do Forno, S.L. á Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, para que proceda ao inicio do coprespondente expediente de responsabilidade patrimonial.

---

### 24.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN DUNHA XORNADA DE CONVIVENCIA EN ESPAZO PÚBLICO – Asociación Galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer

Vistos os escritos presentados por María Isabel Gey Pérez en representación da **Asociación Galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer**, de datas 31/07/2024 e 03/09/2024 (Rexistros de entrada nº 19.550 e 21.903), nos que solicita autorización para a ocupación da Praza de España e da carpa municipal para a celebración dunha xornada de convivencia “Un día para lembrar”, o día 11/09/2024 en horario de 09:00 h. a 15:00 h.; así como o préstamo de 80 cadeiras.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a ocupación da Praza de España e da carpa municipal para a celebración dunha xornada de convivencia “Un día para lembrar”, o día 11/09/2024 en horario de 09:00 h. a 15:00 h.; así como o préstamo de 80 cadeiras.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e aos departamentos de Cultura e Deportes para o seu coñecemento.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

